

# Regulamento dos Traballos de Fin de Grao da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo.

*Aprobado en Comisión Permanente do 24 de maio de 2019 e  
Modificado na Comisión Permanente do 29 de outubro de 2024*

## **REGULAMENTO DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS**

Segundo se establece no RD 1393/2007 de Ordenación dos Ensinos Universitarios Oficiais, as Titulacións de Grao concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grao (TFG).

As universidades deberán establecer o marco xeral no que se desenvolverá o mesmo.

Na Universidade de Vigo, este marco xeral ven determinado polo regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao aprobado polo Consello de Goberno do 13/11/2018.

### **O Traballo de Fin de Grao (TFG).**

1. No segundo semestre do cuarto curso de grao o alumnado ten que realizar un traballo orixinal e de carácter integrador no que demostre a adquisición das competencias e habilidades propias da titulación. A carga prevista é de 12 ECTS, debendo presentar unha memoria escrita e defendelo diante dun tribunal.
2. O TFG ten que servir para mostrar a capacidade do estudiantado para analizar un tema concreto, aplicando os contidos formativos recibidos e as capacidades adquiridas nas materias do grao, e tamén a súa capacidade de síntese e de exposición dos elementos relevantes do mesmo.

Debe contemplarse dende unha perspectiva ampla e inclusiva das múltiples disciplinas, coñecementos e metodoloxías vistas no grao, de xeito que calquera forma de abordalo, en canto a temática ou metodoloxía debería de ser válida. Así, o TFG pode ser un estudo de carácter académico, profesional ou científico que pode complementarse cunha aplicación ou simulación práctica.

3. Un TFG ten que responder a tres cuestións:
  - 3.1. Obxectivo- Que pregunta se vai responder.
  - 3.2. Metodoloxía ou plano de traballo- Que ferramentas, das vistas na carreira, van a empregarse para responder á pregunta.
  - 3.3. Resultados- Que resposta se lle da á pregunta.
  
4. O TFG presentará unha estrutura mínima que comprende os seguintes apartados:
  - 4.1. Resumo- Recollerá claramente o obxectivo, metodoloxía/plano de traballo e resultados.
  - 4.2. Introducción- Plasmará o obxectivo, metodoloxía/plano de traballo e a motivación, interese e relevancia do tema tratado.
  - 4.3. Corpo principal- Dividido e seccións e subseccións.
  - 4.4. Conclusións- Recollerán a pregunta que se formulaba, os resultados aos que se chegou e como se fixo para chegar ao mesmo.
  - 4.5. Bibliografía.
  
5. Co obxecto de acotar o esforzo asociado ao mesmo, a súa extensión será de entre 5.000 e 20.000 palabras, excluindo bibliografía, resumo, táboas, gráficas e apéndices.
  
6. O alumnado abordará a realización do mesmo de forma individual e autónoma. De tratarse dun traballo colectivo no que interveña mais de un ou unha estudante, cada un deles deberá ter claramente asignada unha parte, e tanto a defensa como a cualificación terán que facerse de xeito individual.
  
7. A realización do traballo estará supervisada por un profesor ou profesora vinculado á Universidade e poderá facerse en empresas e organizacións externas españolas ou estranxeiras coas que exista o pertinente convenio, segundo o establecido na normativa de TFG da Universidade de Vigo (artigo 3, apartado 5 do Regulamento de Traballo de Fin de Grao da Universidade de Vigo).
  
8. O decanato encargárase de xestionar o proceso de asignación e avaliación dos TFG. Contará coa axuda dunha comisión específica (en adiante Comisión do Traballo de Fin de Grao) para todo o que teña que ver co desenvolvemento e a interpretación da normativa aplicable e a resolución de reclamacións. Dita comisión estará integrada polo decano

ou decana, ou persoa en quen delegue, tres integrantes do profesorado e un representante do alumnado.

## **Procedemento de asignación dos traballos de fin de grao.**

9. A principios de curso, o decanato publicará un calendario no que se recollerán, como mínimo, as seguintes datas e prazos relevantes do proceso de realización dos TFG (Calendario do TFG):
  - 9.1. Prazo para presentación da ofertas de temas por parte do profesorado.
  - 9.2. Prazo para presentación de solicitude de renuncia por parte das persoas titoras ou do alumnado, á asignación automática dos traballos non defendidos o curso anterior.
  - 9.3. Prazo da publicación da oferta de bloques e liñas de traballo.
  - 9.4. Publicación da asignación provisional de estudantes a liñas de traballo.
  - 9.5. Período de reclamacións e/ou renuncias á asignación provisional.
  - 9.6. Data de publicación das asignacións definitivas.
  - 9.7. Prazo de realización dos TFG.
  - 9.8. Prazo de depósito dos TFG.
  - 9.9. Prazo para solicitar a avaliación por un tribunal unipersonal ou por un tribunal colexiado.
  - 9.10. Prazo de entrega dos informes dos titores ou titoras.
  - 9.11. Prazo para solicitar a defensa do TFG.
  - 9.12. Data de celebración das exposicións e defensa.
  - 9.13. Data de publicación das cualificacións.
  - 9.14. Data de revisión das cualificacións.
10. De seguido, o decanato solicitará do profesorado que faga unha oferta de temas ou bloques de traballo. Para iso, fixarase o número mínimo de traballos a ofertar, calculado como o cociente, redondeado ao enteiro inferior, entre o número de estudantes matriculados no TFG e o profesorado con docencia maioritaria na titulación correspondente. O resto de oferta de traballos ate completar a demanda serán solicitados ao profesorado con docencia maioritaria na titulación en orde ascendente ao número de traballos dirixidos no ano precedente (o profesorado que non dirixiu ningún traballo no ano precedente debería ofertar un traballo adicional, logo os que só dirixiron un, e así sucesivamente ata cubrir toda a demanda).
  - 10.1. A titorización dos traballos correrá a cargo do profesorado con

vinculación permanente e docencia maioritaria nos graos do centro, así como do resto que así o demande. A participación terase en conta á hora de elaborar os informes de avaliación docente (quinquenios).

- 10.2. O alumnado poderá propoñer unha temática concreta, para o que presentará unha solicitude razoada no decanato, xunto co informe favorable dun profesor ou profesora que acceda a súa titorización, antes da asignación definitiva de temas.
11. Unha vez publicada a oferta, o alumnado poderá poñerse en contacto co profesorado que oferte temas do seu interese para ampliar a información sobre os mesmos.
  12. A asignación de traballos farase seguindo un sistema de méritos.
    - 12.1. Con ese fin, elaborárase un listado xerarquizado pola nota media do expediente.
    - 12.2. Con esa información o decanato, atendendo ás preferencias do alumnado, poderá realizar unha adxudicación por vía telemática, ou ben convocar publicamente a todos/as os/as matriculados no TFG a unha reunión na que, sucesivamente, cada estudante escollerá entre a oferta de temas, comezando por aquel de media máis alta, ata que todos teñan un asignado.
    - 12.3. O alumnado ao que lle resulte imposible asistir á convocatoria poderá delegar noutra persoa, debidamente autorizada, para que actúe no seu nome.
    - 12.4. Por motivos de operatividade, dita reunión podería convocarse nun único día ou en varios.
  13. O alumnado que non supere o TFG será asignado ao/á titor/a no seguinte curso académico automaticamente e coa mesma temática, computando na súa cota de titorización dese curso.
    - 13.1. Esta asignación automática só será posible por un ano. No caso de non superar o TFG no segundo ano, aplicarase o sistema xeral de asignación de tema.
    - 13.2. O alumnado que desexe entrar no sistema de asignación xeral descrito no punto 12, poderá renunciar a esta asignación automática dentro do prazo que se estableza.
    - 13.3. Con antelación ao proceso de asignación dos TFG entre o

---

estudiantado, as titoras ou titores que non desexen seguir outro curso coa titorización, poderán solicitar no decanato o cambio de estudante asignado/a (Artigo 6, apartado 7, do Regulamento da Universidade de Vigo).

14. O profesorado poderá titorizar traballos adicionais por encima dos que lle corresponderan no proceso xeral de asignación para o que deberá chegar a un acordo voluntario con algún ou algunha estudante. De ser o caso, o/a estudante implicado/a deberá comunicar ao decanato a renuncia ao traballo que lle foi asignado, e o/a docente o nome do alumno ou alumna adicional aceptado e o tema do traballo.
15. En todo caso, de ser preciso, o decanato tomará as medidas oportunas para garantir a asignación dun TFG a todo o alumnado matriculado do mesmo.
16. No caso de que, por algunha circunstancia sobrevida, a persoa titora curse baixa no centro ou lle sexa concedida unha excedencia, comisión de servizos, etc., o Departamento ó que esa persoa pertence encargárase de designar a un /unha profesor/a que que o substitúa.

## **Matriculación.**

17. Para poder cursar o TFG, o alumnado terá que estar matriculado de todas as materias que lle falten para poder rematar o plano de estudos, tal e como esixe a normativa xeral da UVigo.
18. A matrícula equipárase a calquera outra materia, dando dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos establecidos para a defensa.

## **Presentación e Defensa.**

19. O alumnado realizará unha memoria do traballo atendendo as indicacións da persoa titora e cumprindo cos prazos recollidos no calendario. Se fose o caso, a memoria deberá respectar as limitacións, regras de estilo e formato que aprobe a Comisión de TFG.
20. Unha vez consultado o visto e praxe do titor ou titora, o alumnado deberá solicitar a defensa a través da súa secretaría virtual.
21. Unha vez solicitada, o titor subirá ao sistema o informe sobre o TFG

- titorizado, indicando se é favorable ou desfavorable e engadindo unha valoración comprendida entre 0 e 10. Se o considera oportuno, pode incluír tamén un informe descritivo do labor realizado polo/a estudante
22. Co informe favorable cargado no sistema, o alumnado poderá depositar o traballo, subíndoo a plataforma correspondente.
  23. Para poder defender o TFG, o/a estudante deberá ter superados todos os créditos da titulación, agás o propio TFG. Se fose preciso para comprobar tal situación, o decanato poderá solicitar dita información directamente ao profesorado.
  24. Cada estudante fará unha defensa individual e pública do seu TFG ou, de ser o caso, da parte que lle correspondese nun traballo conxunto, diante dun tribunal.
    - 24.1. Os actos de defensa fixaranse, dentro dos períodos establecidos no calendario escolar, tendo en conta sempre os prazos para cumprimentar actas.
    - 24.2. O decanato publicará o horario de presentacións, como mínimo, cunha semana de antelación sobre a data fixada para os actos de defensa.
    - 24.3. A exposición terá unha duración máxima de 10 minutos e o tribunal terá outros 10 minutos para formular cantas preguntas e comentarios considere oportunos, podendo facer uso o/a estudante dos medios que considere necesarios entre os que estean dispoñibles na sala.
    - 24.4. Segundo se recolle no regulamento da UVigo, as persoas titoras poderán estar presentes, con dereito a voz, no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal colexiado. A asistencia ás deliberacións terá carácter excepcional e a persoa titora deberá presentar unha solicitude no Decanato, polo menos unha semana antes do acto de defensa.

## **Tribunais.**

25. Os tribunais de avaliación poderán ser colexiados ou unipersoais. No momento da solicitude de defensa do traballo, o/a alumno/a deberá indicar por que tipo de tribunal quere ser avaliado/a (acordo da Xunta de Facultade do 21 de marzo de 2019).

*Tribunais colexiados*

26. O tribunal colexiado estará integrado por tres membros e un ou varios suplentes, non sendo posible en ningún caso, que a persoa titora dun traballo forme parte do tribunal encargado de avalialo.

26.1. Por mor do volume de traballos existente, poderá haber varios tribunais colexiados. Atendendo ás restricións existentes, procurarase que cada tribunal non avalie máis de dez traballos.

26.2. Os tribunais colexiados elixiranse mediante sorteo entre o profesorado con vinculación permanente e docencia maioritaria no centro, que serán diferentes para cada unha das titulacións que se imparten no centro. Procurase evitar, na medida do posible, que coincidan profesores ou profesoras da mesma área de coñecemento.

26.3. Co obxecto de garantir que todo o profesorado participe por igual, o decanato levará un rexistro público das persoas que actúen como membros de tribunais colexiados en cada convocatoria.

### *Tribunais unipersoais*

27. Os tribunais unipersoais estarán constituídos polas persoas titoras dos traballos, agás en circunstancias excepcionais. (Artigo 8 ter do Regulamento de TFG da UVigo).

27.1. A petición de nomeamento dunha persoa distinta á que titoriza, deberá ser presentada no Decanto ben por parte da persoa titora ben por parte da/o alumna/o titorizado.

27.2. O alumnado deberá presentar esta solicitude no momento no que solicita a defensa do seu TFG.

27.3. A persoa titora deberá presentar esta solicitude no momento no que emita o seu informe.

27.4. A Comisión de Traballos de Fin de Grao, atendendo ás alegacións feitas, poderá nomear a outro membro do profesorado para avaliar o traballo, mediante sorteo entre o profesorado con vinculación permanente e docencia maioritaria no centro.



## Avaliación e Cualificación

28. Independentemente da temática elixida, avaliaranse as competencias que o alumnado demostra ter adquirido relativas á capacidade para recompilar información cunha base bibliográfica suficiente, á adecuada estruturación e redacción dun documento escrito, á comunicación oral do mesmo e á capacidade de argumentación fronte ás preguntas no acto de defensa.

29. En caso de tribunal colexiado, os membros do tribunal empregarán un modelo tipo para a valoración dos TFG de forma que a cualificación outorgada será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$V(\text{TFG}) = A1 \cdot 0'3 + A2 \cdot 0'1 + A3 \cdot 0'3 + A4 \cdot 0'3$$

Os diferentes conceptos recóllense na seguinte táboa:

Concepto	Valoración	Ponderación
<b>Profundidade e calidade dos contidos.</b>	A1. Valoración titor (entre 0 y 10)	30%
	A2. Valoración tribunal (entre 0 y 10)	10%
<b>Calidade formal</b> Estrutura Redacción Execución	A3. Valoración tribunal (entre 0 y 10)	30%
<b>Presentación e defensa</b>	A4. Valoración tribunal (entre 0 y 10)	30%

30. En caso de tribunal unipersoal, a cualificación outorgada será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$V(\text{TFG}) = A1 \cdot 0'4 + A3 \cdot 0'3 + A4 \cdot 0'3$$

Os diferentes conceptos recóllense na seguinte táboa:

Concepto	Valoración	Ponderación
<b>Profundidade e calidade</b>	A1. Valoración titor (entre 0 y 10)	40%
<b>Calidade formal</b> Estrutura Redacción Execución	A3. Valoración titor (entre 0 y 10)	30%
<b>Presentación e defensa</b>	A4. Valoración titor (entre 0 y 10)	30%

31. En calquera caso un tribunal poderá suspender a un alumno ou alumna se detecta deficiencias graves no traballo (grandes carencias na redacción ou na estrutura, fallas ortográficas reiteradas ou plaxio), debendo xustificalo debidamente mediante un informe adxunto á acta. En casos de tribunais colexiados esta decisión acordarase por unanimidade.
32. Se o TFG non acadase a cualificación mínima de aprobado (5), o tribunal deberá indicar que partes son susceptibles de corrección e/ou mellora para chegar á devandita cualificación. O/a estudante poderá someter á consideración do tribunal unha memoria mellorada na seguinte convocatoria á que teña dereito asistir.
33. A cualificación outorgada por un tribunal colexiado ou un tribunal unipersoal pode variar entre cero e dez puntos. En calquera caso, dada a limitación de matrículas de honra que se poden conceder en cada curso, a súa concesión basearase no seguinte sistema de méritos:
  - Darase prioridade ós traballos defendidos ante un tribunal colexiado e propostos para a obtención da cualificación MH.
  - En caso de empate, terase en conta a cualificación obtida no TFG.
  - Se non se acada unha solución despois da aplicación dos criterios anteriores, para desempatar terase en conta a nota media do expediente do/a alumno/a.
  - De seguir o empate, teranse en conta o número de MH obtidas, de sobresaíntes, notables e aprobados.
  - De seguir o empate, en última instancia, procederase a un sorteo público.

## **Disposición Final**

Para todo o non contemplado neste regulamento atenderase ao que se establece no Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao aprobado polo Consello de Goberno do 13/11/18.

Este regulamento entrará en vigor no curso 2019/2020.